

se documentos gráficos no expediente citado previo á reparación coas características técnicas e de funcionamento dos citados equipamentos.

3. Cando haxa que realizar radiografías en cisternas de aluminio ou aliaxe de aluminio, estas serán sempre con raios X unicamente.

4. Previamente a face-lo informe de aprobación de reparación ou modificación dunha cisterna, batería de recipientes ou CGEM, segundo o modelo do apéndice E-18 do Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada no caso de vehículos cisternas, batería de recipientes ou CGEM de estrada ou contedores cisterna, e segundo o modelo do apéndice 3.16 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, para vagóns cisternas, no taller do constructor ou reparador e baixo a supervisión e control do técnico do organismo de control autorizado, faranse ensaios non destructivos dos golpes, abladuras ou fisuras das zonas anexas a estas, mediante partículas magnéticas en materiais ferromagnéticos e líquidos penetrantes en materiais non magnéticos.

Utilizaranse partículas magnéticas do tipo fluorescente polo interior da cisterna, mediante lámpada de luz negra sobre as zonas afectadas e adxacentes.

Será imprescindible, cando haxa que soldar algún elemento do depósito ou do seu equipamento estrutural, identifica-las características mecánicas e a composición química do material, ben a través da documentación de que se dispoña da construción do fabricante orixinal, ou cando isto non sexa posible a través da obtención dunha probeta de ensaio de tracción do depósito da zona que hai que reparar ou modificar. No caso de ter que garanti-la tenacidade do material para cisternas que traballan a baixas temperaturas farase, ademais, un ensaio de resiliencias.

Unha vez feito o informe previo de reparación ou modificación polo organismo de control autorizado incluíndo o esixido neste artigo, o organismo citado autorizará o constructor ou o reparador para a realización da operación de reparación ou modificación en cuestión.

5. No caso de corte e substitución de material nas cisternas, na batería de recipientes ou nos CGEM utilizaranse unicamente materiais de iguais ou lixeiramente superiores características mecánicas e de similar composición química.

Tódalas reparacións deberán realizarse de acordo co que se entende como boas prácticas da enxeñería.

Tódalas cisternas fabricadas con aceiro ó carbón ou aceiro de baixa aliaxe terán o mesmo tratamento térmico posterior á soldadura que o que tivo na fase de construción, caso de telo tido.

Utilizaranse para a reparación de virois, fondos e tubuladuras materiais das mesmas espesuras da parte que se vai reparar ou modificar.

No caso de tratamento térmico tomarase unha testemuña de produción que constará dun xogo de resiliencias na zona de transición e no centro da soldadura ensaio que se realizará á temperatura mínima de deseño.

6. As soldaduras despois da reparación serán examinadas ó 100 por cento ademais de visualmente, cando non o sexan por radiografías, por líquidos penetrantes cando o material é non magnético, e por partículas magnéticas cando o material é ferromagnético.

No caso de cisternas da clase 2 e clase 6.1 radiografaranse as soldaduras das zonas reparadas ou modificadas ó 100 por cento. A selección da posición das radiografías e zonas anexas realizaraa o inspector do organismo de control autorizado.

As testemuñas de verificación da reparación ou modificación das soldaduras serán obrigadas cando nas repa-

racións que se executen na envolvente sexa necesario repoñer material base e as soldaduras se realicen a tope e a penetración completa desde un ou ámbolos lados da envolvente.

Os criterios para a realización dos ensaios destructivos citados no parágrafo anterior serán os seguintes:

En cisternas construídas inicialmente con $\lambda = 0,8$, dous ensaios de dobrado con diámetro de mandril $D = 4e$, sendo e a espesura da probeta para aceiros, e diámetro de mandril $D = 7e$ para as aliaxes de aluminio.

En cisternas construídas inicialmente con $\lambda = 1$ ou $\lambda = 0,9$, dous ensaios de dobrado, con diámetro de mandril $D = 4e$, sendo e a espesura da probeta para aceiros e $D = 7e$ para as aliaxes de aluminio, ademais dun ensaio de tracción con independencia do esixido neste mesmo artigo sexto no referente ás probas que hai que realizar en cisternas que precisen tratamento térmico de relaxamento de tensións das soldaduras despois da reparación.

En tódolos casos, ademais, realizaranse probas de estanquidade e hidráulica, en todas aquelas modificacións ou reparacións que se realizen na envolvente interna ou externamente á cisterna. Non obstante, non serán necesarias as probas de estanquidade hidráulicas naquelas reparacións ou modificacións que se realizen sobre a superficie da envolvente, sen penetración da súa chapa.

4. Unha vez finalizada a reparación enviaránselle á autoridade competente os seguintes documentos:

a) Informe previo á reparación, con modelo do apéndice E-18 do Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, e documentación gráfica inicial, para vehículos cisterna de estrada e contedores cisterna e o modelo do apéndice 3.16 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, para vagóns cisterna.

b) Informe final de reparación cos resultados dos ensaios e documentos gráficos finais co informe do apéndice E-19, segundo o modelo do Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, para vehículos cisterna de estrada e contedores cisterna, batería de recipientes ou CGEM, e o informe do apéndice 3.17 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, para vagóns cisternas.

MINISTERIO DE FOMENTO

15797 *REAL DECRETO 995/2003, do 25 de xullo, polo que se establecen os requisitos e procedementos harmonizados para as operacións de carga e descarga dos buques graneleiros. («BOE» 188, do 7-8-2003.)*

A Directiva 2001/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de decembro de 2001, establece os requisitos e procedementos harmonizados para a seguridade das operacións de carga e descarga dos buques graneleiros, co fin de reduci-lo risco de sinistralidade debido á realización de operacións incorrectas de carga e descarga.

Perséguese con esta norma incrementa-la seguridade neste sector do transporte marítimo, tanto no referido ós buques como ós seus tripulantes, establecendo para iso requisitos de aptitude para buques e terminais, así como a implantación de procedementos harmonizados de cooperación e comunicación entre o buque e as terminais, delimitando as responsabilidades dos capitáns e dos representantes das ditas terminais.

Por outra parte, implántase un sistema de xestión de calidade conforme a serie de normas ISO 9000, para

garanti-lo correcto funcionamento das operacións anteriormente descritas, susceptible de ser verificado e supervisado polas autoridades competentes dos estados membros, ó mesmo tempo que se regula un sistema para a reparación dos danos que poidan sobrevir durante as operacións de carga e descarga.

Pola súa vez, o artigo 149.1.20.^a da Constitución atribúelle ó Estado a competencia exclusiva sobre a mariña mercante; o contido desta materia está limitado polo artigo 6 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, que establece nas alíneas c), d) e g) do seu punto 1 que se considera mariña mercante a seguridade da navegación e da vida humana no mar, a seguridade marítima e a inspección técnica e operativa de buques, tripulacións e mercadorías, respectivamente.

En consecuencia, faise preciso adapta-la normativa española ó establecido na citada Directiva 2001/96/CE e regula-los requisitos e procedementos harmonizados para as operacións de carga e descarga dos buques graneleiros.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto mellora-la seguridade dos graneleiros que arriben a terminais españolas para o embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel, reducindo os riscos de que se produzan esforzos excesivos e danos físicos na estrutura do buque durante as operacións de carga e descarga, mediante o establecemento de:

- a) Requisitos de idoneidade harmonizados para os ditos buques e terminais, e
- b) Procedementos harmonizados de cooperación e comunicación entre os ditos buques e as terminais.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplicarase:

- a) a tódolos graneleiros, con independencia do pavillón que enarboren, que recalen nunha terminal española para o embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel, e
- b) a tódalas terminais españolas nas que atraquen graneleiros e que entren no ámbito de aplicación deste real decreto.

Sen prexuízo do disposto na regra VI/7 do Convenio SOLAS de 1974, este real decreto non se aplicará ás instalacións que só se utilicen en circunstancias excepcionais para as operacións de carga e descarga de cargas secas a granel dos graneleiros e tampouco se aplicará nos casos en que a carga e a descarga se realice unicamente co equipo do graneleiro en cuestión.

Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto e os seus anexos, entenderase por:

- a) Convenios internacionais: os convenios que se definen no artigo 2.a) do Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois.

- b) Convenio SOLAS de 1974: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar, xunto cos protocolos e emendas correspondentes, vixentes desde o 4 de decembro de 2001.

- c) Código BLU: o Código de práctica para a seguridade das operacións de carga e descarga de graneleiros, incluído no anexo da Resolución A.862(20), do 27 de novembro de 1997, da Asemblea da OMI, na súa versión do 4 de decembro de 2001.

- d) Graneleiro: un graneleiro tal e como se define na regra IX/1.6 do Convenio SOLAS de 1974 e de acordo á interpretación que establece a Resolución 6 da Conferencia SOLAS de 1997, a saber:

- 1.º un buque construído cunha única cuberta, con tanques superiores e tanques laterais tipo moega nos espacios de carga, destinado principalmente ó transporte de carga seca a granel, ou ben

- 2.º un mineraleiro, que é un buque de navegación marítima cunha cuberta, dous anteparos lonxitudinais e un dobre fondo ó longo de toda a zona de carga, destinado ó transporte de minerais nas bodegas centrais exclusivamente, ou ben

- 3.º un buque de transporte combinado, tal e como se define na regra 11-2/3.27 do Convenio SOLAS de 1974.

- e) Carga seca a granel ou carga sólida a granel: carga sólida a granel tal e como se define na regra XII/1.4 do Convenio SOLAS de 1974, excepto o gran.

- f) Gran: o gran tal e como se define na regra VI/8.2 do Convenio SOLAS de 1974.

- g) Terminal: toda instalación fixa, flotante ou móbil equipada e utilizada para o embarque nun graneleiro ou o desembarque desde o dito tipo de buque de carga seca a granel.

- h) Operador da terminal: o propietario dunha terminal, ou calquera organización ou persoa na que o propietario delegase a responsabilidade das operacións de carga e descarga realizadas na terminal para un graneleiro en particular.

- i) Representante da terminal: calquera persoa designada polo operador da terminal que asume a responsabilidade xeral e a autoridade para controla-los preparativos, a execución e a finalización das operacións de carga ou descarga que realiza a terminal nun graneleiro en particular.

- j) Capitán: a persoa baixo o mando da cal se encontra o graneleiro ou un oficial do buque a quen o capitán responsabilizase das operacións de carga ou descarga.

- k) Organización recoñecida: unha organización recoñecida de acordo co disposto no artigo 3 do Real decreto 90/2003, do 24 de xaneiro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima.

- l) Administración do Estado de abandeiramento: as autoridades competentes do Estado do que o graneleiro teña dereito a enarbora-lo pavillón.

- m) Autoridade de control do Estado do porto: a autoridade competente para exercer-las funcións de control reguladas no Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro, é o Ministerio de Fomento, o cal as exercerá a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante e das capitánías marítimas, na súa calidade, estas últimas, de Administración marítima periférica.

- n) Autoridade competente: a autoridade competente para executar e aplica-las esixencias deste real decreto é o Ministerio de Fomento, o cal o levará a cabo, de acordo co establecido nel, a través do ente público Portos do Estado e das autoridades portuarias, a Dirección Xeral da Mariña Mercante e as capitánías marítimas, na súa calidade, estas últimas, de Administración marítima periférica.

ñ) Información sobre a carga: a información sobre a carga que esixe a regra VI/2 do Convenio SOLAS de 1974.

ou) Plan de carga ou descarga: un plan tal e como se define na regra VI/7.3 do Convenio SOLAS de 1974 e co formato que se especifica no apéndice 2 do Código BLU.

p) Lista de comprobación de seguridade buque/terra: a lista de comprobación de seguridade buque/terra, tal e como se define na sección 4 do Código BLU e co formato que establece o apéndice 3 do Código BLU.

q) Declaración sobre a densidade da carga sólida a granel: a información sobre a densidade da carga que é preciso facilitar para lle dar cumprimento á regra XII/10 do Convenio SOLAS de 1974.

Artigo 4. *Requisitos relacionados coa aptitude operativa dos graneleiros.*

Os operadores das terminais están obrigados a comproba-la aptitude operativa dos graneleiros para o embarque e desembarque de cargas sólidas a granel, mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos recollidos no anexo I.

Artigo 5. *Requisitos relacionados coa aptitude das terminais.*

Os operadores de terminais comprendidas no ámbito de aplicación deste real decreto estarán suxeitos ás seguintes obrigas:

a) Ó cumprimento dos requisitos sobre aptitude das terminais recollidos no anexo II.

b) Á designación dun ou de varios representantes da terminal.

c) Á existencia de caderniños de información que especifiquen as esixencias da terminal e das autoridades competentes, e os pormenores do porto e da terminal, enumerados no punto 1.2 do apéndice I do Código BLU, que serán facilitados con carácter obrigatorio ós capitáns de graneleiros que fagan escala na terminal para o embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel.

d) Á implantación, desenvolvemento e mantemento dun sistema de xestión de calidade. O dito sistema de xestión de calidade certificarase de conformidade coas normas ISO 9001:2000 ou unha norma equivalente que alomenos cumpra tódolos aspectos da norma ISO 9001:2000, e será sometido a unha auditoría conforme as directrices da norma ISO 10011:1991 ou unha norma equivalente que cumpra tódolos aspectos da norma ISO 10011:1991. En relación coas normas equivalentes será de aplicación o disposto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Artigo 6. *Responsabilidades dos capitáns e dos representantes da terminal.*

Os capitáns dos buques graneleiros e os representantes da terminal serán responsables do cumprimento das seguintes obrigas:

a) Responsabilidades do capitán:

1.^a O capitán será responsable en todo momento da seguridade das operacións de carga e descarga do graneleiro que ten baixo o seu mando.

2.^a O capitán notificaralle á terminal, con suficiente antelación, a hora prevista de chegada do buque á terminal, xunto coa información mencionada no anexo III.

3.^a Antes de proceder ó embarque das cargas sólidas a granel, o capitán asegurase de que recibiu a

información que esixe a regra VI/2.2 do Convenio SOLAS de 1974 e, se é o caso, unha declaración sobre a densidade da carga sólida a granel. Esta información consignarase nun formulario de declaración de carga que figura no apéndice 5 do Código BLU.

4.^a Antes e durante as operacións de carga ou descarga, o capitán cumprirá as obrigas que se relacionan no anexo IV.

b) Responsabilidades do representante da terminal:

1.^a Cando reciba a notificación inicial da hora prevista de chegada do buque, o representante da terminal facilitaralle ó capitán a información mencionada no anexo V.

2.^a O representante da terminal asegurase de que se lle notificou ó capitán o antes posible a información que consta na declaración de carga.

3.^a O representante da terminal notificaralle sen demora ó capitán e á capitanía marítima do porto e á autoridade portuaria calquera posible deficiencia que observase a bordo dun graneleiro que poida poñer en perigo a seguridade das operacións de embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel.

4.^a Antes e durante as operacións de carga ou descarga, o representante da terminal cumprirá as obrigas que se relacionan no anexo VI.

Artigo 7. *Procedementos entre graneleiros e terminais.*

A carga ou descarga de graneleiros con cargas sólidas a granel estará suxeita ó seguinte procedemento:

a) Antes de proceder ó embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel, o capitán acordará co representante da terminal un plan de carga ou descarga conforme o disposto na regra VI/7.3 do Convenio SOLAS de 1974.

O plan de carga ou descarga establecerase tal como figura no apéndice 2 do Código BLU, incluírá o número OMI do graneleiro en cuestión, e o capitán e o representante da terminal indicarán coa súa sinatura que están de acordo co plan.

Ámbalas partes prepararán, aceptarán e acordarán nun plan revisado calquera modificación do plan que, a xuízo de calquera das dúas partes, poida afectar a seguridade do buque ou da tripulación.

O buque e a terminal conservarán durante seis meses o plan de carga ou descarga convido, así como toda modificación ulterior que se acordase, para calquera supervisión necesaria que efectúen as autoridades competentes.

b) Antes de comezas as operacións de carga ou descarga, o capitán e o representante da terminal formalizarán e asinarán conxuntamente a lista de comprobación de seguridade buque/terra, de acordo coas directrices do apéndice 4 do Código BLU.

c) Establecerase e manterase en todo momento unha comunicación efectiva entre o buque e a terminal, co fin de poder responde-las solicitudes de información sobre o proceso de carga ou descarga e garantir un rápido cumprimento en caso de que o capitán ou o representante da terminal ordene a suspensión das operacións de carga ou descarga.

d) O capitán e o representante da terminal realizarán as operacións de carga ou descarga de acordo co plan convido. O representante da terminal será responsable de que o embarque ou desembarque da carga sólida a granel se leve a cabo segundo a orde das bodegas, a cantidade e o réxime de carga ou descarga indicados no dito plan. Non se apartará do plan de carga ou descarga acordado, a non ser que se consulte anteriormente co capitán e este manifieste a súa conformidade por escrito.

e) Una vez finalizada a operación de carga ou descarga, o capitán e o representante da terminal farán constar por escrito que o buque se cargou ou descargou de acordo co previsto no plan de carga ou descarga, mencionando toda modificación convida. En caso de descarga, mencionárase tamén que as bodegas de carga se baleiraron e limparon seguindo as indicacións do capitán e anotárase calquera dano que sufrise o buque e as reparacións efectuadas, se é o caso.

Artigo 8. *Función das autoridades competentes.*

1. Sen prexuízo dos dereitos e obrigas do capitán de acordo co disposto na regra VI/7.7 do Convenio SOLAS de 1974, cando a capitanía marítima correspondente teña claros elementos de proba de que a seguridade do buque ou da súa tripulación se encontra en perigo a causa das operacións de carga ou descarga, comunicarllo á autoridade portuaria co fin de que impida ou interrompa o embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel.

2. Nos casos en que a capitanía marítima competente fose informada dun desacordo entre o capitán e o representante da terminal respecto da aplicación dos procedementos previstos no artigo 7, intervirá cando sexa necesario en interese da seguridade ou do contorno mariño, adoptando as medidas pertinentes, que lle deberán ser comunicadas á autoridade portuaria.

3. Contra os actos administrativos adoptados polo capitán marítimo poderase recorrer enalzada ante o director xeral da Mariña Mercante.

Artigo 9. *Reparación de danos sobrevidos durante as operacións de carga ou descarga.*

1. Se a estrutura do buque ou os seus equipos resultan danados durante as operacións de carga ou descarga, o representante da terminal informará o capitán e, se é o caso, efectuaranse as reparacións oportunas.

2. En caso de que os danos poidan afectar a estrutura ou a estanquidade do casco, ou ben os sistemas mecánicos esenciais do buque, o representante da terminal ou o capitán deberán informala Administración do Estado de abandeiramento, ou a organización recoñecida por ela e que actúe no seu nome, e o capitán marítimo do porto. Este último decidirá se é necesario efectuar as correspondentes reparacións de forma inmediata ou se estas se poden adiar, tendo en conta a opinión, de habela, da autoridade do Estado de abandeiramento, ou da organización recoñecida por ela e que actúe no seu nome, así como a opinión do capitán. Cando se considere necesario efectuar inmediatamente a reparación, esta levarase a cabo a satisfacción do capitán e da Capitanía Marítima, antes de que a nave abandone o porto.

3. Para toma-la decisión mencionada no punto 2, o capitán marítimo do porto poderá acudir a unha organización recoñecida para que inspeccione os danos e o asesor sobre a necesidade de efectuar reparacións ou o aprazamento destas.

4. Este artigo aplicarase sen prexuízo do disposto no Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro.

Artigo 10. *Supervisión e presentación de informes.*

1. A autoridade portuaria supervisará periodicamente o cumprimento dos requisitos do punto 1 do artigo 5, do punto 2 do artigo 6 e do artigo 7 por parte das terminais. O procedemento de supervisión incluírá a realización de inspeccións sen previo aviso durante as operacións de carga ou descarga.

Ademais, verificará que as terminais cumpran cos requisitos do punto 4 do artigo 5 ó final do período previsto na disposición transitoria primeira, e, para as terminais de recente creación, ó final do período previsto na disposición transitoria segunda.

2. Cada tres anos, a Dirección Xeral da Mariña Mercante e o ente público Portos do Estado elaborarán, conxuntamente, un informe cos resultados das súas actividades de supervisión, que se presentará ante a Comisión Europea. O dito informe incluírá, ademais, unha avaliación da efectividade dos procedementos harmonizados de cooperación e comunicación entre graneleros e terminais, tal e como se establece neste real decreto. O informe transmitirase, como moi tarde, o 30 de abril do ano seguinte ó período de tres anos obxecto do informe.

Artigo 11. *Réxime sancionador.*

As infraccións ó disposto neste real decreto polos capitáns dos buques ou os operadores das terminais serán sancionadas de acordo co disposto na Lei 27/1992, do 24 de novembro.

Disposición adicional única. *Aplicación de requisitos e procedementos.*

Os requisitos e procedementos harmonizados regulados neste real decreto e os seus anexos serán de aplicación a partir do 1 de marzo de 2004.

Disposición transitoria primeira. *Implantación do sistema de xestión de calidade das terminais.*

O sistema de xestión de calidade de terminais regulado no punto 4 do artigo 5 deberá estar implantado antes do 5 de febreiro de 2005, e certificado, de conformidade coas normas ISO 9001:2000 ou equivalentes, antes do 5 de febreiro de 2006.

Disposición transitoria segunda. *Autorización temporal para funcionamento de terminais.*

A autoridade portuaria podará autorizarlo funcionamento temporal das terminais de recente creación por un período máximo de 12 meses. En todo caso, as ditas terminais deberán presentar para obter a dita autorización temporal o seu plan para aplicar o sistema de xestión de calidade regulado no punto 4 do artigo 5.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación concedida ó Estado polo artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para dictar as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca, o 25 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

ANEXO I**Requisitos relativos á aptitude operativa dos graneleiros para o embarque e desembarque de cargas sólidas a granel**

De acordo co disposto no artigo 4, os graneleiros que recalén en terminais españolas para o embarque ou desembarque de cargas sólidas a granel serán sometidos a inspección co obxecto de determinar se cumpren os seguintes requisitos:

1. Os graneleiros deben ter bodegas de carga e zapóns con aberturas do tamaño suficiente e un deseño tal que permita que as operacións de embarque, estiba, nivelación e desembarque da carga sólida a granel se realicen de forma satisfactoria.
2. Os graneleiros deben levar nos zapóns da bodega de carga os números de identificación que figuran no plan de carga ou descarga. A localización, o tamaño ou a cor de tales números elixíranse de maneira que sexan claramente visibles e identificables para o operario do equipo de carga ou descarga da terminal.
3. Os zapóns das bodegas de carga, os sistemas de accionamento dos zapóns e os dispositivos de seguridade estarán todos en boas condicións de funcionamento e só se utilizarán para o propósito previsto.
4. En caso de que o buque estea provisto de luces indicadoras de escora, comprobaranse antes de cargar ou descargar, e verificarase o seu bo funcionamento.
5. Se é obrigatorio levar a bordo un instrumento aprobado de carga, este terá o certificado pertinente e permitirá calcula-los esforzos durante as operacións de carga e descarga.
6. As máquinas propulsoras e auxiliares estarán en bo estado de funcionamento.
7. Os aparellos de cuberta utilizados nas operacións de amarre e atracada deberán poder manexar e estarán en boas condicións de funcionamento.

ANEXO II**Requisitos relacionados coa aptitude das terminais para a carga e descarga de cargas sólidas a granel**

Segundo o disposto no punto 1 do artigo 5:

1. As terminais só deberán admitir na súa terminal para fins de carga ou descarga graneleiros que poidan atracar con seguridade na instalación de carga ou descarga de cargas sólidas a granel, tendo en conta cuestións tales como a profundidade da auga no posto de atracada, tamaño máximo do buque, medios de atracada, defensas, seguridade de acceso e posibles obstáculos para as operacións de carga ou descarga.
2. O equipo de carga e descarga da terminal estará debidamente certificado e manterase en bo estado de funcionamento, de conformidade coas regras e as normas pertinentes, e será utilizado exclusivamente por persoal competente e, se é o caso, debidamente titulado.
3. O persoal da terminal deberá recibir unha formación acorde coas responsabilidades do seu cargo e relativa a tódolos aspectos relacionados coa seguridade da carga e descarga dos graneleiros. Esta formación terá por obxecto familiariza-lo persoal cos perigos xerais das operacións de embarque e desembarque de cargas sólidas a granel, así como cos efectos adversos que pode ter sobre a seguridade do buque a realización de operacións incorrectas de carga e descarga.
4. O persoal das terminais que participe nas operacións de carga ou descarga recibirá e utilizará equipos de protección individual e terá uns períodos adecuados de descanso para evita-los accidentes debidos á fatiga.

ANEXO III**Información que o capitán debe facilitar á terminal de acordo co disposto no artigo 6.a).2.^a**

1. A hora prevista de chegada do buque á altura do porto, o antes posible. Esta información actualizarase segundo proceda.
2. Coa notificación inicial da hora prevista de chegada:
 - a) Nome, distintivo de chamada, número OMI, Estado de abandeiramento e porto de matrícula.
 - b) Plan de carga ou descarga no que se indique a cantidade de carga, estiba polos zapóns, orde de carga ou descarga e cantidade que se vai embarcar en cada lote ou desembarcar en cada etapa de descarga.
 - c) Calado de chegada e calado previsto de saída.
 - d) Tempo necesario para lastrar ou deslastrar.
 - e) Eslora e manga do buque e lonxitude do espacio de carga desde a brazola proel do zapón máis a proa ata a brazola popel do zapón máis a popa nas que se vaia embarcar carga ou das que se vaia extraer carga.
 - f) Distancia desde a liña de flotación ata o primeiro zapón polo que se vaia embarcar ou desembarcar carga, e distancia desde o costado do buque ata a abertura do zapón.
 - g) Localización da escala real do buque.
 - h) Altura da obra morta.
 - i) Pormenores e capacidade dos aparellos de manipulación da carga do buque, se os hai.
 - j) Cantidade e tipo das amarras.
 - k) Informacións que se soliciten de maneira específica, como, por exemplo, a nivelación da carga ou a medición continua do contido de auga da carga.
 - l) Pormenores de toda reparación necesaria que poida atrasa-la atracada, o comezo das operacións de carga ou descarga ou a saída programada do buque unha vez terminada a carga ou descarga.
 - m) Calquera outra información relacionada co buque que pida a terminal.

ANEXO IV**Obrigas do capitán antes e durante as operacións de carga ou descarga**

De acordo co disposto no artigo 6.a).4.^a, antes e durante as operacións de carga ou descarga o capitán asegurase de que:

1. As operacións de carga ou descarga, así como as de embarque ou desembarque de auga de lastre, se realizan baixo a supervisión do oficial do buque responsable daquelas.
2. A distribución da carga e da auga de lastre se vixía durante as operacións de carga ou descarga co obxecto de asegurarse de que a estrutura do buque non sofre esforzos excesivos.
3. O buque se mantén en posición vertical ou coa escora máis pequena posible, se esta é necesaria por razóns operativas.
4. O buque está atracado en condicións de seguridade e se vixían as condicións e previsións meteorolóxicas da zona.
5. Se mantén a bordo o número suficiente de oficiais e tripulantes para axusta-las amarras ou atender a toda situación normal ou de emerxencia, tendo en conta que é preciso que a tripulación teña suficientes períodos de descanso para evita-la fatiga.
6. Se puxeron en coñecemento do representante da terminal os requisitos de nivelación da carga, que serán conformes cos procedementos que establece o Código de práctica para a seguridade de cargas sólidas a granel da OMI.

7. Se lle comunican ó representante da terminal os requisitos de harmonización entre os réximes de deslastrado ou lastrado e carga ou descarga do seu buque, así como calquera cambio no plan de deslastrado ou lastrado e toda cuestión que poida afecta-lo embarque ou desembarque da carga.

8. A descarga da auga de lastre se axusta ó plan de carga convido e non provoca inundación do peirao nin das naves adxacentes. Cando non resulte práctico para o buque descargar por completo a auga de lastre antes de chegar á etapa de nivelación do proceso de carga, acordará co representante da terminal as horas en que tal vez sexa necesario suspende-las operacións de carga e tamén a duración de tales interrupcións.

9. Se chegou a un acordo co representante da terminal sobre as medidas que procede tomar se chove ou se producen cambios meteorolóxicos que, debido á natureza da carga, puidesen entrañar perigo.

10. Non se levan a cabo traballos en quente a bordo nin nas proximidades do buque mentres este se atope no posto de atracada, salvo se se conta con permiso do representante da terminal e conforme as prescricións das autoridades competentes.

11. Se supervisan minuciosamente as operacións de carga ou descarga e o buque durante as fases finais do embarque ou desembarque da carga.

12. Se avisa de inmediato o representante da terminal se o proceso de carga ou descarga causou danos, ou se provocou unha situación perigosa ou é probable que esta se produza.

13. Se avisa o representante da terminal cando se vaia proceder á nivelación final do buque, co fin de permiti-lo baleiramento do sistema transportador.

14. A descarga do costado de babor coincide exactamente coa de estribor da mesma bodega para evita-las torsións da estrutura do buque.

15. Cando se proceda a lastrar unha ou varias bodegas, se teña en conta a posibilidade de que se desprendan vapores inflamables das bodegas e se tomen as debidas precaucións antes de permiti-la realización de traballos en quente nunha zona adxacente ás ditas bodegas ou por encima delas.

ANEXO V

Información que a terminal lle debe facilitar ó capitán de acordo co disposto no artigo 6.b).1.^a

1. Nome do posto de atracada no que se efectuará a operación de carga ou descarga e as horas previstas de atracada e finalización das operacións de carga ou descarga (1).

2. Características do equipo de carga e descarga, así como o réxime nominal de carga ou descarga da terminal, o número de cabezais de carga ou descarga que se van utilizar, así como o tempo previsto para cargar cada lote, ou ben (en caso de descarga) o tempo previsto para cada etapa da operación de descarga.

3. Características do posto de atracada ou pantalán que o capitán deba coñecer, incluída a situación de obstrucións fixas e móbiles, defensas, norais e medios de amarre.

4. Profundidade mínima da auga no posto de atracada e nos canais de acceso e de saída (1).

5. Densidade da auga no posto de atracada.

(1) A información relativa ás horas previstas de atracada e saída e á profundidade mínima da auga no posto de atracada irase actualizando progresivamente e comunicaráselle ó capitán a medida que se reciban as sucesivas notificacións da hora prevista de chegada. A información sobre a profundidade mínima da auga nas canles de acceso e de saída será proporcionada pola terminal ou a autoridade competente, segundo o caso.

6. Máxima distancia entre a liña de flotación e a parte superior das tapas de zapón ou brazolas de zapón de carga, segundo corresponda ó tipo da operación de carga, e altura máxima da obra morta.

7. Disposicións relativas ás pranchas de desembarco e os accesos.

8. Costado do buque que quedará xunto ó posto de atracada.

9. Máxima velocidade permitida de aproximación ó pantalán e remolcadores dispoñibles, a súa clase e tracción a punto fixo.

10. Secuencia de embarque dos distintos vultos da carga, e calquera outra restricción existente en caso de que non sexa posible embarca-la carga seguindo unha orde determinada ou en determinadas bodegas do modo que sexa conveniente para o buque.

11. Propiedades da carga que se vai embarcar e que poidan constituír un perigo se esta se pon en contacto con outra carga ou con residuos que poida haber a bordo.

12. Información anticipada sobre as operacións de carga ou descarga previstas ou sobre cambios dos plans existentes de carga ou descarga.

13. Se o equipo de carga ou descarga da terminal é fixo ou se ten limitacións de movemento.

14. Amarras necesarias.

15. Advertencias respecto de medios de atracada non usuais.

16. Posibles restriccións sobre lastrado ou deslastrado.

17. Calado máximo permitido pola autoridade competente.

18. Calquera outro aspecto relativo á terminal sobre o que pida información o capitán.

ANEXO VI

Obrigas do representante da terminal antes e durante as operacións de carga ou descarga de acordo co disposto no artigo 6.b).4.^a

Antes e durante as operacións de carga ou descarga, o representante da terminal:

1. Notificaralle ó capitán os nomes e procedementos para se pór en contacto co persoal da terminal ou co axente do expedidor que sexa responsable das operacións de carga e descarga e co que estará en contacto o capitán.

2. Adoptará tódalas precaucións oportunas para evitar que os equipos de carga e descarga causen danos ó buque e informará o capitán de tódolos danos que se produzan.

3. Garantirá que o barco se mantén en vertical ou, se por motivos operativos se require escoralo, que o ángulo sexa o máis pequeno posible.

4. Garantirá que a descarga do costado de babor coincida exactamente coa de estribor da mesma bodega para evita-las torsións da estrutura do buque.

5. Cando se trate de cargas de alta densidade ou cando a cantidade recollida pola culler sexa grande, avisará o capitán de que é posible que a estrutura do buque se vexa sometida a cargas de impacto considerables e localizadas ata que o teito do tanque estea completamente cuberto pola carga, sobre todo se se permite a caída libre desde altura, e prestará a debida atención ó comeza-las operacións de carga en cada bodega.

6. Asegurarase de que en todo momento o capitán e o representante da terminal estean de acordo en relación con tódolos aspectos relativos ás operacións de carga ou descarga, e de que se lle comunique ó capitán calquera cambio do réxime de carga convido e a finalización da carga de cada lote.

7. Levará un rexistro do peso e a distribución da carga embarcada ou desembarcada e garantirá que os distintos pesos das bodegas non se aparten do plan de carga ou descarga acordado.

8. Garantirá que, durante a carga e a descarga, a carga do buque estea nivelada de acordo coas esixencias do capitán.

9. Asegurarase de que, ó calcula-las cantidades de carga necesarias para obte-lo calado e a nivelación de saída, se teña en conta a carga que queda nos sistemas transportadores da terminal e que se baleire tralas operacións de carga. Para este fin, o representante da terminal comunicarlle ó capitán a tonelaxe nominal do seu sistema transportador e determinará se é necesario baleiralalo tralas operacións de carga.

10. En caso de descarga, avisará o capitán detalladamente cando se teña intención de aumentar ou reduci-lo número de cabezais de carga utilizados e notificaralle ó capitán o momento en que se considere terminada a operación de desembarque de cada bodega.

11. Non levará a cabo traballos en quente a bordo nin nas proximidades do buque mentres este se atope no posto de atracada, salvo se conta co permiso do capitán e conforme as disposicións da autoridade competente.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15799 *REAL DECRETO 996/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta.* («BOE» 188, do 7-8-2003.)

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, modificado polo Real decreto 1949/2000, do 1 de decembro, e polo Real decreto 1162/2001, do 26 de outubro, operaron unha profunda reforma no sistema de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así coma no funcionamento dos servicios colexiais de avogados e procuradores encargados da súa prestación.

A Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, incorporou importantes novidades co fin de conseguila celeridade na resposta ante a delincuencia, coa creación dun proceso especial para o axuízamento rápido de determinados delitos que permita o seu axuízamento inmediato.

A máis importante aceleración destes procesos é a que se deberá dar no tempo que transcurre desde a incoación do proceso penal ata a realización do xuízo oral, sendo, polo tanto, peza clave do novo procedemento a instrucción concentrada ante o xulgado de garda e durante o tempo que dure o servicio de garda do citado órgano xudicial, prorrogable naqueles partidos xudiciais en que o dito servicio non teña carácter permanente.

A carón desta instrucción concentrada e co fin de alcanza-lo seu obxectivo, a norma prevé, así mesmo, que o xuízo oral, a emisión da sentenza, así como a tramitación dos eventuais recursos que se poidan interpor, se realicen con rapidez, polo que establece para iso prazos reducidos.

Esta axilización e concentración de actuacións ante o xulgado de garda fai preciso asegura-la presenza naquelas de forma inmediata de avogados que aseguren o dereito de asistencia letrada e de defensa e repre-

sentación das partes, e prevese, no ámbito da xustiza gratuíta e neste tipo de procedementos, que sexa un único letrado o que preste a asistencia, desde a detención, se a houber, ata a finalización do proceso, así como que as solicitudes de recoñecemento do dereito gocen de prioridade na súa tramitación.

Esta reforma parcial da Lei de axuízamento criminal ten unha repercusión directa no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, polo que é necesario aborda-la súa modificación, mediante a incorporación das previsións necesarias ás que se debe axusta-lo procedemento para a tramitación de solicitudes correspondentes a procesos de axuízamento rápido.

Modifícase, pois, a estrutura do vixente Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, dividindo o capítulo II, «Procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta», en dúas seccións: unha sección 1.^a, de «Procedemento xeral», e unha sección 2.^a, de «Procedemento especial para os procesos de axuízamento rápido de determinados delitos». Así mesmo, co fin de clarifica-los conceptos «asistencia letrada de oficio» e «asistencia e representación gratuítas», o capítulo III pasa a denominarse «Organización dos servicios de asistencia letrada, defensa e representación», que se divide así mesmo en dúas seccións, sección 1.^a, «Asistencia letrada de oficio», e sección 2.^a, «Asistencia xurídica gratuíta».

Polo que se refire á composición das comisións de asistencia xurídica gratuíta, procédese á súa adaptación á recente modificación efectuada pola Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, que modifica a regulación que nesta materia se contiña na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Por último, as novas previsións que se establecen determinan a modificación do modelo normalizado de solicitude que figuraba como anexo I do citado regulamento e os módulos e as bases de compensación económica establecidos no anexo II.

Por razóns de técnica lexislativa e para evita-la dispersión normativa, optouse por elaborar un novo texto que derroga o anterior e ó que se incorporan, ademais das mencionadas modificacións, aquelas que se viñeron producindo desde a entrada en vigor do Real decreto 2103/1996, operadas polo Real decreto 1949/2000, do 1 de decembro, e polo Real decreto 1162/2001, do 26 de outubro, texto no que se regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta pola Administración xeral do Estado, de conformidade co disposto pola Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e que se aplicará ó recoñecemento do dereito en relación con todo tipo de procesos ante órganos xurisdiccionais españois con sede no territorio de comunidades autónomas que non recibisen os traspasos en materia de provisión de medios ó servicio da Administración de xustiza, ou que estendan a súa competencia a todo o territorio nacional, coas excepcións que naquel se establecen.

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación conferida ó Goberno pola disposición derradeira primeira da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. Foi sometido a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de xustiza e dos consellos xerais da avogacía española e dos colexios de procuradores dos tribunais de España.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2003,